



ACOSO OS CAZADORES POLA CAZA DO RAPOSO

Nunha sociedade que perdeu o seu vínculo co mundo rural e en gran medida coa natureza, de cando en vez asoman fracturas sociais co colectivo dos cazadores baseadas case sempre en percepcións equivocadas da caza e na crenza errada de que os cazadores non chegamos a modernidade.

A caza é unha actividade tan antiga como o propio home, que evolucionou o longo da historia hasta chegar os nosos días como unha actividade deportiva e de lecer. Nembargantes hai un aspecto da caza que se mantén invariable co paso do tempo: a súa función reguladora das especies mediante un aproveitamento sostible e racional.

A caza do noso século aséntase sobre parámetros medioambientais, coma o de mantemento da biodiversidade. Este principio debe conxugarse cos factores sociais da práctica desta actividade, e que na nosa terra teñen un compoñente moi positivo: a caza sen distincións sociais, que nós seguiremos defendendo con firmeza. A todo isto hai que engadir, que unha boa parte das especies cinexéticas producen efectos non só sobre outras especies silvestres, senón sobre actividades básicas do mundo rural, como a agricultura e a gandería. A modo de exemplo baste recordar os danos da xabaril. Os aspectos anteriores e outros similares son os que hai que ter en conta á hora de planificar a actividade cinexética.

A caza do raposo é tan tradicional coma calquera outra, que no pasado non só se cazaba con armas, senón tamén con lazos e trebellos. As cacerías desta especie tal e como se fan en Galicia, incorporan métodos mais selectivos de caza e que son vistos noutras comunidades autónomas como un exemplo a seguir no control do raposo mais acorde cos nosos tempos.

Centrándonos nas cacerías do raposo que organiza a Federación, en colaboración coas sociedades de caza, son un exemplo máis do exercicio da caza social. Unhas sociedades que non chegan a esgota-lo cupo desta especie e invitan a outros cazadores a colaborar con eles mediante o cumprimento dos seus plans de aproveitamento para chegar ás poboacións óptimas establecidas neste. A Federación actúa facendo posible a organización e dando forma a esta colaboración, que ademais de servir para fomenta-los valores propios da caza na nosa terra, da a coñe-los distintos recunchos de Galicia, e achega outra aportación socioeconómica da caza a esas zonas.

E importante subliñar que estas cacerías cumpren toda a normativa vixente para a caza en xeral, e ademais as estrictas normas da competición. Normas que en boa parte limitan máis a practica cinexética, reducindo o número de cazadores por cuadrilla (equipos de 10 cazadores e non 30 como poderían ser nunha cacería habitual), reducindo o número de cans a empregar, non permitindo os desprazamentos en coche na zoa de caza, incorporando as figuras do xuíz e do guía, etc. Por tanto introduce matices que para nada poden ser tachados de menos selectivos, nin de máis permisivos.

Os plans de ordenación cinexética son os documentos elaborados por técnicos e aprobados pola administración, conforme establece a normativa vixente, para regular a actividade cinexética en cada territorio. Son estes plans de ordenación xunto cos de aproveitamento os que establecen os cupos de captura para cada especie. No caso do raposo, estes cupos son moito mais grandes que o número deles que se abaten o longo da tempada, incluídas estas xornadas. Os mencionados plans recollen como unha necesidade que se faga un control sobre o raposo na súa condición de predador moi abundante sobre outras especies de gran valor trófico.

Por todo o exposto non se poden entender as posicións de determinados grupos ecoloxistas, so dende claves medioambientais e cinexéticas, que son as do noso ámbito de actuación. Pódense entender posicións contrarias a caza en xeral dende unha posición moral individual, que nós respectamos, pero é difícil mesturalas con argumentos de ecoloxismo responsable na defensa do raposo. Así lamentamos profundamente que se aproveiten este tipo de eventos para sacar proveito individual ou colectivo noutros ámbitos alleos a caza, e aínda mais si se usa o engano ou a manipulación para confundir a opinión pública.



Gustaríanos moito poder confrontar as nosas posicións con argumentos sensatos e pausados cos ecoloxistas, porque estamos seguros que no mundo da conservación compartiremos máis dun principio. O aspecto cinexético, tal e como nós o concibimos, non pode levarnos ao abismo das confrontacións. Na búsqueda de mellores solucións ambientais poderemos estar mais ou menos cerca, dende logo non seremos nós os que busquemos o enfrontamento, pero tampouco admitiremos chantaxes nin sabotaxes para a práctica dunha actividade legal e practicada lexitimamente.

GABINETE DE COMUNICACIÓN

www.federaciongalegadecaza.com

050207